

AVENTURAS E DESVENTURAS DUNHA CASTAÑA TACAÑA



Vouvos contar a historia dunha castaña chamada Doña Castaña Tacaña

ERA un venres pola mañá, un día de outono, a principios de novembro. Doña Castaña Tacaña andaba mirando para o chan a ver se atopaba algunha moeda de prata. De súpeto, chocou cunha cara chea de púas que lle resultaba coñecida: como non! ERA Don Ourizo Chourizo! Os dous foran xuntos á escola ata oitavo e dende aquela separáran os camiños. (Recordar que os dous son tacaños tal para cal). Entón Doña Castaña dixo:

- Halaaaa! Don Ourizo Chourizo! Canto tempo sen verhos! Tamén libraches daquela vez cando case nos meten no Bombo das castañas?
- Pois vexo que íl tamén, si, despois de 50 anos aquí nos atopamos; e tamén quero recordar que hoxe



celebrase o Magosto en Pedrafita no CPI Uxío Novoneira, hai que ter moito coidado de que algún pequeno nos vaia meter nun saco e... catapún! Alí quedamos! Xa sabes o que nos custou saír a última vez.

- Aí, non mo recordes!
- Falando de lembranzas... Acórdaste daquela vez que nos utilizaran de pelotas? - Lembrou don Ourizo.
- Si! Cando nos collían e nos tiraban dentro daquela especie de ra, mehdos trompazos levamos!
- Coidado! - exclamou Don Ourizo Chourizo- veñen aí rapaces e traen sacos, parece que aínda os teñen baleiros, mellor será escapar.

Don Ourizo Chourizo e Doña Castaña Tacaña botaron a correr sen parar.

- Aquí non hai nada! Mellor marchamos para outro sitio!- dixo un dos cativos.

Cando os rapaces marcharon dixo Don Ourizo Chourizo:

- UFFF! Por pouco nos volve pasar o mesmo!
- Mellor será marchar, quen sabe? Ao mellor volven pasar por aquí e nos pescan.- dixo Doña Castaña Tacaña
- Pois foi un pracer volver a verte Doña Castaña
- O mesmo digo Chourizo. A ver se nos volvemos ver algún día..

Os dous marcharon e esqueceronse do tacaños que eran, cada un seguiu o seu camiño, de aquí en diante o día do Magosto, os dous recordarán esta magnífica data coma se ocorrixe onte.

Fin

